



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E O CONCELLO DE BOIMORTO, DE CARA A INSTRUMENTAR A COLABORACIÓN PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE ATENCIÓN A PERSOAS EN SITUACIÓN DE DEPENDENCIA, DE PREVENCIÓN DA SITUACIÓN DA DEPENDENCIA E DO AGRAVAMENTO DESTA, ASÍ COMO DA PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA PERSOAL PARA O EXERCICIO 2019

En Santiago de Compostela, **31 XULL. 2019**

**REUNIDOS**

**Dunha parte.-**

Dona Fabiola García Martínez, na súa condición de conselleira de Política Social, nomeada polo Decreto 98/2018, do 26 de setembro, en uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983 do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, así como no Decreto 176/2015, de 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e no establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991.

**Doutra parte.-**

Dona María Jesús Novo Gómez, representante do Concello de Boimorto, con Identificación Fiscal P1501000B, en calidade de Alcaldesa do Concello de Boimorto, Rúa Vilanova, 1, 15817 Boimorto (A Coruña), en uso das facultades que lle veñen atribuídas polo artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases de Réxime Local.

Ámbalas dúas partes recoñécense con capacidade legal suficiente para outorgar o presente convenio e

**EXPOÑEN**

**Primeiro-** Que o Estatuto de Autonomía de Galicia encomenda aos poderes públicos galegos a obriga de promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivas, ademais de remover os atrancos que impidan ou dificulten a súa plenitude e de facilitar a participación de todos os galegos na vida política, económica, cultural e social.

Que a Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido no artigo 27.23 do Estatuto de Autonomía de Galicia, en consonancia coas competencias outorgadas ás comunidades autónomas polo artigo 148.1.20 da Constitución española, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social, polo que, na súa virtude aprobouse a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.





**Segundo.-** Que segundo o Decreto 176/2015, de 3 de decembro, a Consellería de Política Social é o órgano da Xunta de Galicia ao que lle corresponde, de conformidade co Estatuto de autonomía de Galicia e coa Constitución Española, propoñer e executar as directrices xerais do goberno no ámbito do benestar, que engloban, entre outras as competencias en materia de servizos sociais, incluíndo as políticas de familia, menores, benestar social, inclusión social, servizos comunitarios, atención aos discapacitados e ás persoas maiores, a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia.

Que con carácter específico, corresponden, entre outras, á Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade, a elaboración das propostas para a formulación das políticas dirixidas ás persoas maiores e persoas con discapacidade da Consellería de Política Social en aplicación da Lei 13/2008, do 3 de decembro, e da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia. En particular, ten encomendadas as funcións relativas ao fomento e á promoción de actuacións e medidas favorecedoras da plena participación das persoas maiores e persoas con discapacidade na sociedade e da mellora da súa calidade de vida, así como todas aquelas accións que faciliten a súa promoción, integración social e participación activa.

**Terceiro.-** De conformidade co previsto na Lei 13/2008, do 3 de decembro, e na lexislación de aplicación sobre réxime local, corresponden aos concellos, no marco da planificación e ordenación xeral do sistema galego de servizos sociais, as seguintes competencias:

- a. A creación, xestión e mantemento dos servizos sociais comunitarios básicos.
- b. A creación, xestión e mantemento dos servizos sociais comunitarios específicos, sen prexuízo do establecido no artigo 59, punto i, da Lei 13/2008, do 3 de decembro.
- c. A colaboración no fomento dos servizos sociais prestados por entidades de iniciativa social, así como a promoción de mecanismos de coordinación das actuacións realizadas polas mesmas, evitando no posible a duplicidade e infrautilización dos equipamentos sociais.
- d. A promoción e realización de estudos e investigacións sobre a problemática dos servizos sociais no ámbito local e a divulgación dos resultados obtidos nos mesmos.





- e. A detección e análise das necesidades e da problemática social existente no seu ámbito territorial.
- f. A elaboración de plans e programas de servizos sociais no seu ámbito territorial, de conformidade coo previsto no artigo 48 da Lei 13/2008, do 3 de decembro.
- g. A participación, como entidade colaboradora, na xestión das prestacións económicas e, no seu caso, nas subvencións concedidas pola Xunta de Galicia, nos termos legalmente establecidos.
- h. O fomento e promoción da solidariedade e da participación da sociedade civil na prevención e intervención social no ámbito local.
- i. A creación, regulación e impulso de mecanismos de participación local no ámbito dos servizos sociais.
- j. A coordinación dos servizos sociais cos restantes servizos municipais e das restantes administracións no desenvolvemento dos plans e programas de intervención comunitaria, facilitando a participación das entidades sociais e a implicación da cidadanía no proceso.
- k. Cantas outras lles estean atribuídas ou lles sexan delegadas, de acordo coa lexislación vixente

Estas competencias exerceranse polos concellos, por si mesmos ou asociados, ou a través das fórmulas de colaboración interadministrativa, a fin de alcanzar unha maior eficacia e rendibilidade social dos recursos dispoñibles.

Para a mellor atención das necesidades sociais do seu ámbito territorial, e unha vez garantida a prestación dos servizos sociais comunitarios básicos e demais competencias enumeradas no artigo 60 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, os concellos de Galicia poderán crear, xestionar e manter servizos sociais especializados, en coordinación coa Xunta de Galicia e de acordo co catálogo de servizos sociais e a planificación correspondente.

A Xunta de Galicia promoverá unha efectiva coordinación e cooperación cos concellos a fin de asegurar a calidade e unha cobertura equilibrada dos servizos sociais en todo o territorio, especialmente no que atinxe á creación e mantemento de servizos sociais comunitarios específicos.





**Cuarto.-** O carácter singular deste convenio en base ás razóns que acreditan o interese social do mesmo, radican no análise das circunstancias demográficas deste concello, da cobertura de servizos sociais públicos actuais e da estimación da poboación maior dependente que demandará un servizo asistencial. Así o Concello de Boimorto actualmente conta con 2.022 habitantes, dos cales 764 son persoas maiores de 65 anos (37,78% da poboación), contando coa cobertura de 29 prazas residenciais públicas municipais de atención a persoas maiores. Dos estudos realizados se estima que nos vindeiros anos 91 persoas estarán en situación de dependencia a causa de demencia e demandarán, por tanto, algún tipo de servizo asistencial desvelando a necesidade da creación de prazas de atención residencial no ano 2020 con obxecto de poder satisfacer a demanda futura de atención residencial. Polo tanto tendo en conta as circunstancias particulares deste Concello, a súa situación xeográfica na Área Xeográfica de Santiago, na que a prevalencia de demencia é dun 10,52 % por cada persoa maior de 65 anos e cunha cobertura de atención residencial dun 2,19% e a que a situación económica actual non posibilita a cobertura das prazas de atención necesaria segundo os estudos técnicos, artículase este convenio de colaboración de cara a fomentar a realización de programas e actividades dirixidos á atención de persoas en situación de dependencia, de prevención da situación de dependencia e do agravamento desta, así como de promoción da autonomía persoal das persoas maiores residentes nese Concello e co obxectivo de mitigar no futuro as necesidades de atención residencial que se estiman. Todo elo xustifica a dificultade da súa convocatoria pública e o seu carácter singular.



En relación ás razóns que motivan a concesión de forma directa desta subvención debido á dificultade da súa convocatoria pública, en base aos artigos 19.4,c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento, radica na particularidade e exclusividade da entidade que desenvolve estes programas que é o Concello de Boimorto. Así o artigo 64 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, prevé que a Xunta de Galicia promoverá unha efectiva coordinación e cooperación cos concellos a fin de asegurar a calidade e unha cobertura equilibrada dos servizos sociais en todo o territorio, especialmente no que atinxe á creación e mantemento de servizos sociais comunitarios específicos.

Os servizos sociais comunitarios específicos, competencia das entidades locais, desenvolverán programas e xestionarán centros orientados a colectivos con problemáticas identificadas e singulares, procurando a súa normalización e reincorporación social ou como espazo de tránsito a un servizo especializado. Sen prexuízo da súa dedicación a colectivos con problemáticas concretas, os servizos sociais comunitarios específicos actuarán, en tanto que servizos de proximidade, na





contorna vital das persoas destinatarias, favorecendo o mantemento dos seus vínculos familiares e comunitarios, a súa autonomía e calidade de vida (art. 25 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento).

Os programas e actividades previstas neste convenio teñen encaixe entre as funcións propias dos servizos sociais comunitarios específicos tal que:

- A atención de persoas maiores en equipamentos e servizos que faciliten a súa socialización activa, a prevención da dependencia e promoción da autonomía persoal.
- A xestión doutros equipamentos sociais non residenciais destinados ao desenvolvemento de programas para sectores da poboación con necesidades sociais diferenciadas que posibiliten o logro dos obxectivos do sistema galego de servizos sociais.

Polo tanto á dificultade da súa convocatoria pública radica que, en tanto que servizos de proximidade que deberán de actuar na contorna vital das persoas destinatarias, favorecendo o mantemento dos seus vínculos familiares e comunitarios, a súa autonomía e calidade de vida, deben de ser prestados pola entidade local competente, neste caso o Concello de Boimorto, en tanto que coñecedora das necesidades individuais do colectivo destinatario destes servizos de proximidade, e a colaboración da Xunta de Galicia neste aspecto se basea na propia Lei de servizos sociais de Galicia que incide especificamente na cooperación cos concellos a fin de asegurar a calidade e unha cobertura equilibrada dos servizos sociais en todo o territorio, especialmente no que atinxe á creación e mantemento de servizos sociais comunitarios específicos.

**Quinta.-** Que ambas as dúas partes consideran de mutuo interese para o cumprimento das súas respectivas funcións establecer fórmulas de colaboración de cara á elaboración de accións ou programas conxuntos no eido da atención ás persoas maiores, especialmente na atención á dependencia, no fomento da autonomía persoal, na prevención da situación de dependencia e no agravamento desta.

Por todo elo, as partes comparecentes, na representación que ostentan

#### ACORDAN

Asinar o presente convenio de colaboración en base ás seguintes

#### CLÁUSULAS

**PRIMEIRO.-** Obxecto.



*[Handwritten signature]*







O obxecto do presente convenio é contribuir ao financiamento por parte da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia das actuacións que o Concello de Boimorto ten previsto desenvolver durante o ano 2019, de cara á realización de programas e actividades dirixidos á atención de persoas en situación de dependencia, de prevención da situación de dependencia e do agravamento desta, así como de promoción da autonomía persoal das persoas maiores residentes nese Concello, mediante unha concesión de forma directa en base aos artigos 19.4,c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

### SEGUNDA.- Actuacións subvencionables

As actuacións desenvolveranse en 5 bloques:

- Difusión do servizo de atención ás dificultades de memoria
- Detección precoz do deterioro cognitivo na comunidade
- Intervención cognitiva aos participantes do servizo
- Orientación e apoio a familiares de persoas con deterioro cognitivo
- Avaliación das actividades realizadas

### TERCEIRA.- Obrigas e documentación

En virtude do disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, o concello presentará trala sinatura do convenio o programa de actividades a desenvolver no marco do convenio e a seguinte documentación:

- Declaración comprensiva de todas as axudas e subvencións solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto, ou, de ser o caso, unha declaración de que non solicitaron nin percibiron outras axudas ou subvencións.
- Declaración responsable, subscrita polo representante da entidade, de non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria de subvencións sinaladas nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
- Declaración responsable do cumprimento da obriga establecida no artigo 4.1 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, en canto ao cumprimento do deber de remisión ao Consello de Contas das contas xerais de cada exercicio

### CUARTA.- Orzamento





Segundo a Lei 8/2017, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018, está previsto crédito axeitado e suficiente para dar cobertura económica aos compromisos contraídos en virtude deste convenio.

Para o cumprimento da finalidade prevista na cláusula primeira deste convenio a Consellería de Política Social aportará **vinte mil euros (20.000,00 €)**, que serán imputados á aplicación orzamentaria **13.04.312D.460.0** dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019.

O importe da subvención destinarase a cubrir os gastos de natureza corrente efectivamente realizados para o desenvolvemento das actuacións recollidas na cláusula primeira. A estes efectos, consideraranse gastos subvencionables os previstos no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

#### **QUINTA.- Obrigas da entidade beneficiaria**

En cumprimento do artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro e do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, son obrigas da entidade beneficiaria:

- a) Cumprir os requisitos para obter a condición de beneficiario estipulados no artigo 10 desa Lei.
- b) Cumprir todos e cada un dos obxectivos, actividades e proxectos, adoptar os comportamentos que fundamentaron a concesión da subvención e cumprir os compromisos asumidos con motivo desta. Noutro caso, procederá o reintegro total ou parcial, atendendo aos criterios establecidos no convenio.
- c) Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou o gozo da subvención.
- d) Someterse ás actuacións de comprobación, que efectuará o órgano concedente, así como a calquera outra actuación de comprobación e control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos coma estatais ou comunitarios, para o que se achegará canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- e) Comunicarlle ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse no momento no que se coñeza e, en todo





caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

- f) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos polas bases reguladoras das subvencións, coa finalidade de garantir o axeitado exercicio das facultades de comprobación e control.
- g) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- h) Incluír na publicidade e en todo tipo de documentación e información relacionada coas actividades obxecto do convenio e nos lugares onde estas se realicen: "subvencionado pola Xunta de Galicia – Consellería de Política Social", co seu respectivo logotipo.
- i) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e artigo 74 e seguintes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
- j) Presentar a documentación trala sinatura do convenio e no momento da xustificación parcial e/ou total, de conformidade co indicado na normativa de subvencións.

Asemade o Concello ten a obriga de subministración de información prevista no artigo 4 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e as consecuencias do seu incumprimento.

A entidade asinante do convenio, en tanto que beneficiaria dunha subvención, estará obrigada a subministrar á Administración da Xunta de Galicia, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no Título I da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro de 2016. No caso de incumprimento desta obriga estarase ao disposto no artigo 4.4 da citada lei.

#### **SEXTA.- Compatibilidade con outras subvencións**

A subvención prevista neste convenio é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou







doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo total da actividade que vai desenvolver o beneficiario.

#### **SÉTIMA.- Forma de pagamento**

Respecto ao pagamento e forma de xustificación da subvención estarase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, e no Decreto 193/2011, do 6 de outubro.

O libramento farase nunha conta corrente da que sexa titular o concello nas seguintes condicións:

- a) Efectuarase un pagamento do 10% da totalidade da subvención, con carácter de anticipo a conta da liquidación, unha vez asinado o presente convenio.
- b) Ata o 80% do total da subvención concedida (incluíndo nesta porcentaxe a contía pagada con carácter de anticipo) poderán acordarse ata cinco pagamentos parciais, a medida que o beneficiario xustifique ter realizado un gasto equivalente, mediante certificación do responsable da entidade xunto coa documentación recollida nesta cláusula (conta xustificativa).

Para a tramitación das condicións de pagamento previstas nos apartados anteriores, a entidade beneficiaria da subvención queda exonerada da constitución de garantía ao entrar no suposto previsto no artigo 65.4.f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

- c) O 20% restante farase efectivo unha vez rematadas tódalas actividades do convenio e aportando a documentación indicada nesta cláusula (conta xustificativa).

Con carácter previo ao pagamento poderá consultarse, salvo oposición por parte do interesado, o cumprimento das súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e coa facenda da Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, así como non ser debedor por resolución de procedemento de reintegro. De opoñerse terá que facelo de xeito expreso tal e como sinala o artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e achegar os xustificantes ou documentación necesaria para acreditar o seu cumprimento.

#### **OITAVA.- Gastos subvencionables e documentación xustificativa**

Son gastos subvencionables os que cumpran os requisitos fixados polo artigo 29 da Lei 9/2007, de 13 de xuño. Para estes efectos considerase gasto realizado cando teña contabilizado o recoefecemento da obriga polo órgano competente da entidade local.





O concello está obrigado a acreditar documentalmente a efectividade dos pagamentos realizados de conformidade co establecido no Decreto 193/2011, de 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, a partir do ingreso na conta bancaria das persoas beneficiarias de cada un dos aboamentos das subvencións concedidas, agás para o anticipo do 10% que se sinala na cláusula sétima.

O concello está obrigado a xustificar ante a Consellería de Política Social, o cumprimento da finalidade do convenio, a realización da actividade e o seu custo real, mediante unha conta xustificativa integrada, con carácter xeral, pola documentación que se relaciona de seguido e que incorporará, en todo caso, a certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade do gasto efectuado e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida a axuda.

Segundo o disposto no artigo 9 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, a conta xustificativa conterá:

a) Certificación expedida pola secretaría da entidade local, co visto e prace do/a alcalde/sa ou presidente/a, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención, en que se faga constar, como mínimo, de forma detallada:

1.º O cumprimento da finalidade da subvención, con especificación das actuacións desenvolvidas en execución deste convenio e dos resultados acadados.

2.º Os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada coa seguinte relación: identificación do/a acredor/a, número de factura ou documento equivalente, importe, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente. Non será exixible a remisión dos documentos relacionados no artigo 48.2 b) do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

b) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.

c) De ser o caso, os tres orzamentos que se esixen en aplicación do artigo 29.3.º da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Asemade, xunto coa conta xustificativa, no caso de oposición expresa á consulta, deberase de achegar declaración responsable do cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento algunha débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia ou de ser





debedor por resolución de procedemento de reintegro, segundo o disposto no artigo 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

En todo caso o prazo da xustificación total da subvención deste convenio rematará o día **10 de decembro de 2019**.

#### **NOVENA.- Subcontratación**

O Concello é o beneficiario directo da subvención obxecto deste convenio, asumindo a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á Consellería. Non obstante, poderá subcontratar a execución total ou parcial das actividades, con empresas dedicadas especificamente a servizos ou programas de atención á dependencia, de promoción da autonomía persoal e de prevención da situación de dependencia, ben en equipamentos especiais ou ben a través de programas, sempre que estas empresas contes cos requisitos regulamentariamente establecidos, xustificando que estas se realizan consonte as condicións normais de mercado.

Para estes efectos será de aplicación o establecido nos artigos 29 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

#### **DÉCIMA.- Inexistencia de relación laboral**

Para levar a cabo os obxectivos e fins deste convenio o Concello poderá contratar, con cargo ao orzamento do presente convenio, o persoal que no seu caso precise para o desenvolvemento das actividades citadas. Así mesmo queda facultado para designar o persoal necesario para realizar as actividades propostas.

A subscrición do presente Convenio non leva consigo relación laboral nin contractual algunha entre a Consellería de Política Social da Xunta de Galicia e as persoas que realicen as actividades obxecto del, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

O concello de Boimorto asume a responsabilidade respecto do persoal que asume as obrigas de levar a cabo as actividades establecidas no convenio, así como aquelas derivadas das relacións contractuais, reservándose as dúas partes contratantes deste convenio o dereito ao exercicio das accións pertinentes tanto resolutorias como indemnizatorias no suposto de paralización dalgunha actividade.

#### **DÉCIMO PRIMEIRA.- Modificación, denuncia, causas de resolución e efectos do incumprimento.**

As partes poderán denunciar ou modificar o presente convenio en calquera momento por acordo mutuo.





Será causa de resolución o incumprimento das obrigas previstas neste convenio por calquera das partes, cos efectos legais que comporte en aplicación do artigo 52 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, en función da que incumprira e do momento en que se produza o incumprimento. Igualmente, será causa de resolución a denuncia por calquera das partes efectuada con dous meses de antelación á efectividade da mesma.

O incumprimento do obxecto do convenio recollido na súa cláusula primeira, ou a falta de presentación da xustificación no prazo establecido comportará o reintegro da subvención, ou da parte proporcional non xustificada, e demais responsabilidades establecidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño.

#### **DÉCIMO SEGUNDA.- Vixencia e efectos**

O presente convenio estenderá os seus efectos dende a súa formalización e terá vixencia ata o 10 de decembro de 2019.

Non obstante, as accións englobadas no presente convenio que realízase o concello dende o 1 de xaneiro de 2019 tamén poderán ser subvencionadas ao seu abeiro coa achega da Consellería de Política Social.

#### **DÉCIMO TERCEIRA.- Publicidade e transparencia**

O presente convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia. Así mesmo, será obxecto de publicación e inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da Lei/ 1/2016, do 18 de xaneiro, o artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, o convenio de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de datos nacional de subvencións (BDNS).

#### **DÉCIMO CUARTA.- Información básica de protección de datos persoais**

As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución deste e de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679 del Parlamento Europeo y del Consejo, de 27 de abril de 2016, relativo a la protección de las personas físicas en lo que respecta ao





tratamento de datos persoais e á libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados, en canto ao réxime subvencional, na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia-Consellería de Política Social coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da xestión deste convenio.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme ás referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/información-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia no propio convenio.

A referencia a publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e subvencións, axustarase a dita normativa e coas limitación que esta establece.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.

**DÉCIMO QUINTA.- Autorización o consentimento para que se publiquen os datos persoais e demais especificacións que figuran no convenio**

As partes asinantes autorizan/consentem na publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente instrumento de colaboración no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

**DÉCIMO SEXTA.- Comisión de seguimento**

Constitúese unha comisión mixta de seguimento composta por dous representantes designados polo Concello e dous representantes da Consellería de Política Social, para levar a cabo o seguimento e avaliación das accións previstas no presente convenio.

Esta comisión, a presidencia da cal a ostentará un dos representantes da administración autonómica, reunirse cando así o solicite algunha das partes.

O funcionamento desta comisión rexerese pola Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e a Lei 16/2010, de 17 de decembro, de







organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

**DÉCIMO SÉTIMA.- Réxime xurídico**

O presente convenio terá carácter administrativo rexéndose nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas, polo disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro; no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo; na Lei 9/2007, do 13 de xuño; no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro e na Lei 40/2015, do 1 de outubro.

As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación e resolución serán resoltas pola Consellería de Política Social poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. Contra elas cabe recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución, segundo o previsto no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, no prazo de un mes, se a resolución fose expresa. Se o acto non fora expreso, poderá interpor recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, ou poderá interpoñer directamente recurso contencioso - administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á notificación do acto que poña fin á vía administrativa, se fose expreso. Se non o fora, o prazo será de seis meses e contarase, para o solicitante e outros posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso - administrativa.

Para tales efectos o tribunal competente será o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

E en sinal de conformidade coas estipulacións do presente convenio, o asinan ambos os dous comparecentes en triplicado exemplar no lugar e data expresado.

A conselleira de Política Social

Fabiola García Martínez

A alcaldesa do Concello de Boimorto

María Jesús Novo Gómez